# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026753 | IES A Pontepedriña | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 4º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 22 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 24 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 27 |

## 1. Introdución

4º de ESO é o último ano do ensino obrigatorio, e polo tanto debe servir para completar a bagaxe mínima de coñecementos e competencias que se espera dos/as alumnos/as no umbral da súa vida adulta. A tal efecto, a asignatura de Xeografía e Historia deste nivel culmina o percorrido pola evolución histórica co estudo da Historia Contemporánea, a máis próxima ó alumno/a e a que máis lle vai axudar a comprender o mundo ó que se incorpora, e ó mesmo tempo afonda na metodoloxía propia do estudo histórico, para que el/a mesmo/a poda seguir adquirindo de forma autónoma novos coñecementos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A revolución liberal | Nesta unidade seguiremos a difusión dos ideais da Revolución Francesa por toda | 10 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A revolución liberal | Europa ó longo do século XIX, dende Napoleón ata as grandes oleadas revolucionarias. Analizaremos os seus efectos transformadores sobre as sociedades da época, tanto no plano político, co avance do liberalismo e os grandes movementos nacionalistas, coma no plano social, co xurdimento da sociedade de clases e do movemento obreiro. Presentaremos por última a arte do período: Neoclásico e Romanticismo. | 10 | 12 | X | | |
| 2 | A fin do Antigo Réxime en España | Nesta unidade centrarémonos no caso español, explicando as circunstancias particulares nas que as novas correntes liberais se introduciron no país. Atenderemos sucesivamente á invasión francesa e a reunión das Cortes de Cádiz, á restauración do absolutismo con Fernando VII e ó triúnfo do liberalismo baixo Isabel II. | 5 | 5 | X | | |
| 3 | O Imperialismo e a Gran Guerra | Nesta unidade estudaremos a expansión colonial europea dende finais do século XIX, prestando especial atención ás súas causas e ás súas consecuancias, tanto sobre os países colonizados como sobre os propios colonizadores. En relación con estas últimas, explicaremos o camiño que levou á Primeira Guerra MUndial, e explicaremos o seu desenvolvemento e as súas consecuencias, destacando entre elas, pola súa relevancia, a revolución bolxevique en Rusia. Presentaremos por último a arte do período, do Realismo ó Postimpresionismo. | 10 | 12 | X | | |
| 4 | A consolidación do réxime liberal español | Nesta unidade analizaremos a evolución do réxime liberal español no século XIX. Partindo das turbulencias do reinado de Isabel II, pasaremos polo fallido experimento do Sexenio Democrático ata a consolidación do sistema político español co réxime da Restauración. | 5 | 5 | X | | |
| 5 | O período de entreguerras | Nesta unidade atenderemos á evolución política e económica da Europa dos anos 20 e 30. No plano económico contrastaremos o período de bonanza dos anos 20 e a Gran Depresión dos anos 30. E no plano político asistiremos á crise da democracia e ó ascenso dos totalitarismos. Presentaremos por última a arte do período: as Vangardas. | 10 | 12 | | X | |
| 6 | A II República e a guerra civil | Nesta unidade cubriremos o primeiro terzo do século XX en España, no que repuntan de novo as tensións políticas e sociais. Falaremos da crise do sistema da Restauración, que trataría de solventar sen éxito a ditadura de Primo de Rivera; do establecemento da II República, marcada | 5 | 5 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | A II República e a guerra civil | por ambiciosos proxectos de reforma e unha fonda polarizacion; e por último do estoupido da guerra civil e do seu desenlace. | 5 | 5 | | X | |
| 7 | A Segunda Guerra Mundial e a Guerra Fría | Nesta unidade trataremos as causas, evolución e desenlace da Segunda Guerra Mundial, e como consecuencia dela a división do mundo en dous bloques de alianzas antagónicos, enfrontados na Guerra Fría. Estudaremos as características de cada un dos bloques e as crises xurdidas entre eles, pero tamén ó xurdimento dun 'Terceiro Mundo' como resultado do proceso de descolonización que se vai dar no mesmo período. Presentaremos por último a arte do período: as Segundas Vangardas. | 15 | 14 | | X | |
| 8 | A ditadura franquista | Nesta unidade abordaremos o réxime franquista saído da guerra civil. Estudaremos as súas características fundamentais e a súa evolución ó longo do tempo, e prestaremos atención tamén ós movementos de oposición que lle fixeron fronte. | 5 | 5 | | X | |
| 9 | A Transición á democracia | Nesta unidade explicaremos o proceso de transición á democracia trala morte do ditador Franco. Analizaremos as causas que a fixeron posible, os grandes fitos que marcaron a súa traxetoria e as características da nova España democrática xurdida dela. | 5 | 5 | | | X |
| 10 | O mundo actual | Nesta unidade analizaremos as grandes transformacións producidas no mundo trala fin da Guerra Fría. Veremos o paso dun período de hexemonía dos EEUU cara a un mundo cada vez máis bipolar, co ascenso de novos actores. E vermos tamén o gran avance do proceso de globalización, con fondos efectos no plano económico, sociel e cultural. Presentaremos por último as tendencias artísticas máis recentes, características do momento actual. | 15 | 14 | | | X |
| 11 | A Unión Europea | Nesta unidade centraremos a atención na Unión Europea, marco de referencia clave da España actual. Sintetizaremos a súa evolución ó longo do tempo, destacando tanto a súa ampliación territorial como o reforzo dos seus mecanismos de cooperación, e analizaremos a súa situación no momento presente. | 5 | 4 | | | X |
| 12 | Os retos do século XXI | Nesta unidade presentaremos as grandes cuestións que marcan a actualidade. Atenderemos ás repercusións das novas tecnoloxías, ós problemas das democracias | 10 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | Os retos do século XXI | no mundo, ós últimos movementos sociais e ós efectos cada vez máis inquietantes do cambio climático. | 10 | 12 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A revolución liberal | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | É quen de identificar e explicar as ideas clave do liberalismo e de relacionalas coas grandes liñas de evolución histórica do período. | PE | 70 |
| CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca das vías de difusión dos ideais liberais na Europa do século XIX e dos seus efectos transformadores nas sociedades. | | |
| CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Coñece e comprende o concepto de 'nación' e as distintas aspiracións ás que pode dar lugar. | TI | 30 |
| CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Recoñece e valora as expresións artísticas propias do período, e é quen de identificar as súas carcaterísticas básicas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | É consciente das duras condicións de vida e de traballo que motivaron o xurdimento do movemento obreiro. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.<br>- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.<br>- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.<br>- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.<br>- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A fin do Antigo Réxime en España | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da secuencia de acontecementos que levaron á fin do Antigo Réxime en España e ó establecemento dun réxime liberal. | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial. | É quen de relacionar os procesos históricos españois co contexto europeo e mundial nos que se insiren, desacando as influencias recíprocas e as relacións de causa-efecto. | TI | 30 |
| CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | É quen de explicar de forma clara e argumentada a interrelación de factores que permitiron a chegada do liberalismo ó poder no reinado de Isabel II. | | |
| CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais. | Recoñece as causas que mobilizaron a sociedade española na loita polas súas liberdades, contra a ocupación francesa primeiro e contra o absolutismno rexio despois. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. |
| - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. |
| - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. |
| - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución. |
| - As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. |
| - Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia. |
| - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. |
| - Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. |
| - Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O Imperialismo e a Gran Guerra | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da expansión colonial europea e os conflitos a que deu lugar, moi especialmente a Gran Guerra. | PE | 70 |
| CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Coñece e valora axeitadamente os acontecementos que levaron á revolución bolxevique en Rusia e a súa importancia na historia europea e mundial. | TI | 30 |
| CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | É quen de explicar de forma razoada as causas do colonialismo, así como as súas conseceancias a curto, medio e longo prazo. | | |
| CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Recoñece e valora as expresións artísticas propias do período, e é quen de identificar as súas carcaterísticas básicas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.<br>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.<br>- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.<br>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia.<br>- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo. |

| Contidos |
| --- |
| - Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo.<br>- As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.<br>- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 4 | A consolidación do réxime liberal español | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da evolución xeral do réxime liberal español no século XIX, identificando as súas grandes etapas e as súas características básicas. | PE | 70 |
| CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial. | É quen de relacionar os procesos históricos españois co contexto europeo e mundial nos que se insiren, desacando as influencias recíprocas e as relacións de causa-efecto. | TI | 30 |
| CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Entende suficientemente os factores que propiciaron o xurdimento dos movementos nacionalistas na época da Restauración e a súa importancia na España contemporánea. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Valora criticamente a conflitividade do século XIX como o resultado dunha falta de consenso entre os distintos actores políticos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. |
| - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. |
| - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. |
| - Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia. |
| - A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego. |
| - As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo. |
| - Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | O período de entreguerras | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da evolución económica e política da Europa de entreguerras. | PE | 70 |
| CA1.4 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Identifica as ideas básicas do fascismo, e valora criticamente o terrible impacto que esta ideoloxía tivo na historia europea. | TI | 30 |
| CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | É quen de presentar un artista das Vangardas e  a súa obra, explicando o seu contexto histórico e artístico e analizando correctamente as características do seu estilo. | | |
| CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Recoñece e valora as expresións artísticas propias do período, e é quen de identificar as súas carcaterísticas básicas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.<br>- A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española.<br>- Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.<br>- Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial.<br>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.<br>- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.<br>- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.<br>- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A II República e a guerra civil | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da II República española, incluíndo o contexto do que xurdiu (a crise da Restauración) e as circunstancias nas que rematou (a guerra civil). | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial. | É quen de relacionar os procesos históricos españois co contexto europeo e mundial nos que se insiren, desacando as influencias recíprocas e as relacións de causa-efecto. | TI | 30 |
| CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global. | Expresa unha opinión razoada acerca dos problemas que levaron ó fracaso dos sucesivos réximes políticos do período, e valora adecuadamente o papel do consenso á hora de construír sistemas estables. | | |
| CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Coñece as liñas xerais das grandes reformas da República, e entende o contexto no que xurdiron e as desigualdades que trataron de paliar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.<br>- As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.<br>- A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española.<br>- A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia.<br>- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | A Segunda Guerra Mundial e a Guerra Fría | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca do mundo bipolar da Guerra Fría, atendendo tanto ás súas orixes como ás súas características e evolución. | PE | 70 |
| CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca do proceso de descolonización, valorando de forma eficiente as súas consecuencias no mundo actual. | | |
| CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía. | Elabora unha liña temporal na que se integran de forma clara as distintas etapas da Guerra Fría e as crises e acontecementos máis destacados do seu percurso. | TI | 30 |
| CA2.9 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Pode explicar a confluencia de factores e actitudes que levaron á Segunda Guerra Mundial, e que foron responsables tamén da súa especial dureza. | | |
| CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Recoñece e valora as expresións artísticas propias do período, e é quen de identificar as súas carcaterísticas básicas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.<br>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. |

| Contidos |
| --- |
| - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.<br>- Os fundamentos xeoestratégicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais.<br>- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.<br>- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.<br>- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 8 | A ditadura franquista | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.8 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca das características da ditadura franquista e a súa evolución no tempo. | PE | 70 |
| CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial. | É quen de relacionar os procesos históricos españois co contexto europeo e mundial nos que se insiren, desacando as influencias recíprocas e as relacións de causa-efecto. | TI | 30 |
| CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñece os principais movementos de oposición ó franquismo e valora o seu peso na evolución final do réxime. | | |
| CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais. | Analiza correctamente o testemuño dunha persoa que viviu na época franquista e relaciona as súas vivencias cos contidos vistos en clase. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia.<br>- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | A Transición á democracia | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da Transición á democracia e a configuración da España actual. | PE | 70 |
| CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial. | É quen de relacionar os procesos históricos españois co contexto europeo e mundial nos que se insiren, desacando as influencias recíprocas e as relacións de causa-efecto. | TI | 30 |
| CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global. | Participa activamente nun debate sobre o proceso da Transición, expoñendo de xeito argumentado a súa opinión sobre os cambios producidos en España nas últimas décadas. | | |
| CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Aporta propostas razoadas de mellora da sociedade actual, apoiadas na materia vista na aula e nunha comprensión razoablemente sólida da realidade social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.<br>- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España.<br>- Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo.<br>- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | O mundo actual | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca das transformacións producidas no mundo nas últimas décadas e os seus efectos na sociedade, a política e a economía. | PE | 70 |
| CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Recoñece os grandes actores internacionais da actualidade e é quen de e explicar en liñas xerais as dinámicas políticas e económicas no mundo de hoxe. | TI | 30 |
| CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Interpreta correctamente unha fonte xornalística actual (prensa escrita ou dixital, informativo televisivo ou radiofónico, documental de actualidade...), relacionando eficazmente as novas cos principais procesos e acontecementos do período presente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Recoñece e valora as expresións artísticas propias do período, e é quen de identificar as súas carcaterísticas básicas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.<br>- Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.<br>- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | A Unión Europea | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Identifica sen dificultade os países que forman parte da Unión Europea e valora adecuadamente as súas achegas ó proxeto común. | TI | 100 |
| CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Elabora un organigrama da Unión Europea no que figuran claramente as principais institucións comunitarias e as funcións que lles son propias. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Coñece os principais programas europeos de protección do patrimonio natural e cultural, con especial atención ó caso español. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca da orixe, evolución e funcionamento da Unión Europea. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa.<br>- Os fundamentos xeoestratégicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.<br>- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.<br>- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Os retos do século XXI | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes | Contesta cun nivel adecuado e satisfactorio a unha proba escrita acerca dos grandes retos e problemas do momento presente. | PE | 70 |
| CA2.6 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Recoñece e explica de xeito claro os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, e é quen de facer achegas válidas para facilitar a súa implementación. | TI | 30 |
| CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Identifica os principais movementos sociais e ideolóxicos actuais e analiza correctamente as causas que os motivan e os obxectivos que perseguen. | | |
| CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Valora razoadamente o impacto que as grandes cuestións da contemporaneidade teñen na súa propia vida, e recoñece as súas manifestacións nas ocurrencias do día a día. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.<br>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.<br>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.<br>- As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.<br>- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.<br>- A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.<br>- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.<br>- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais. |

| Contidos |
|---|
| - A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento do curso debería ser ocasión para que o alumnado, máis alá de adquirir os contidos fundamentais da Historia Contemporánea, se familiarizara tamén cos principais métodos e ferramentas de estudo histórico. A tal efecto, combinaranse no estudo da materia distintas modalidades e estratexias de traballo, sempre animadas polo obxectivo de que o alumnado adquira os instrumentos e a autonomía que lle permitan producir no futuro o seu propio coñecemento:

• Elaboración de esquemas de diverso tipo (liñas de tempo, cadros sintéticos, mapas conceptuais...) para destacar as cuestións clave e os conceptos básicos dos temas a tratar.

• Comentario de documentos históricos variados (textos, mapas, gráficos, diagramas, imaxes, etc.), utilizando os enfoques e as ferramentas propias das Ciencias Sociais.

• Participación en debates de actualidade a partir da análise de informacións de prensa ou outros medios escritos ou audiovisuais, presentando se é posible as distintas posicións existentes ante un mesmo problema, pero mantendo en todo momento unha actitude construtiva, tolerante e solidaria.

• Realización de tarefas de documentación sobre diversos temas, buscando información en distintos tipos de fontes e combinándoa cos contidos estudados previamente en clase para afondar en distintos aspectos da evolución histórica ou da sociedade actual.

• Preparación de traballos de investigación, combinando as tarefas de documentación con actividades de indagación directa (traballo de campo, enquisas, entrevistas...) con vistas a presentar os resultados de forma clara e coherente, indicando ademais a procedencia da información fornecida.

• Análise de obras de arte seguindo a metodoloxía e a linguaxe propia da disciplina artística, poñéndoas sempre en relación coa sociedade da súa época e cos estilos propios doutras épocas históricas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Os materiais a empregar no traballo diario serán fundamentalmente tres, sen perxuízo de que se podan empregar materiais suplementarios para temas específicos:<br><br>• O libro do alumnado para a área de Xeografía e Historia 4º ESO, recurso básico no estudo da materia<br><br>• O emprego das novas tecnoloxías como reforzo ou ilustración da explicación: proxeción de imaxes, visionado de vídeos ou documentais, traballo na aula de informática sobre materiais en liña... |

- Os recursos suplementarios aportados polo profesor a través da Aula Virtual, de tipoloxía variada: apuntamentos ou esquemas adicionais, mapas, textos, gráficas, imaxes, ligazóns a páxinas de interese, contidos audiovisuais...

A maiores, podería complementarse a explicación da materia coa lectura de libros e / ou o visionado de películas de temática histórica, que permitirían achegar os contidos ó alumnado e facerllos experimentar de forma máis directa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.
Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais permite definir a didáctica e metolodoxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.
Dita proba inicial consistirá na elaboración de cuestionarios, tests, sesións de brainstorming, debates e/ou o visionado de materiais audiovisuais.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **5** | **10** | **5** | **10** | **5** | **15** | **5** | **5** | **15** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **5** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 0 | 70 | **66** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 30 | **34** |

**Criterios de cualificación:**

Nas unidades didácticas establecese o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación, e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 70%, quedando o 30% restante para as táboas de indicadores (comentario de documentos históricos ou obras artísticas, , traballos de investigación, exposicións orais, debates...).
As probas escritas puntuaranse sobre dez, figurando o valor de cada pregunta. Se o profesor o considera oportuno, as

faltas de ortografía poderán penalizarse cunha rebaixa na puntuación, que como máximo será de un punto.
Os traballos propostos serán titorizados polo docente para aclarar as dúbidas que se lle presenten ó alumnado e para facer o seguemento da realización do mesmo.
Polo tanto, os criterios de cualificación quedarían da seguinte xeito:

- probas escritas: 70%
- outros indicadores: 30%

A avaliación considerararase aprobada se o/a alumno/a alcanza unha nota de 5 ó combinar os distintos criterios. Será imprescindible, iso si, obter unha puntuación mínima de 3 puntos en cada exame; se a nota media chega ó 5, pero un dos exames está por debaixo dese umbral, terá que recuperar unicamente o exame que non pasa o corte.

**Criterios de recuperación:**

A recuperación daquelas avaliacións nas que non se acadaran os criterios mínimos farase mediante unha proba escrita sobre o conxunto da materia vista no trimestre, que reemprazará (en caso de ser superior) o 70% da nota correspondente ós exames, manténdose inalterable o 30% restante, correspondente ós outros indicadores xa valorados durante o curso do trimestre. Se o profesorado o considera oportuno, o alumnado poderá repetir eses indicadores de valoración con vistas a mellorar a cualificación nese apartado, ou realizar unha nova actividade (caderniño, traballo, presentación, etc.) co mesmo valor.
Aplicaranse medidas de reforzo, se así o considera o docente, naqueles casos nos que se detecte dificultades que impiden o progreso do alumnado. En tal caso facilitaranse materiais suplementarios e plantexaranse actividades de repaso que faciliten a comprensión e asimilación da materia.
O aprobado xeral do curso acadarase se o/a alumno/a alcanza unha media de 5 no combinado dos tres trimestres, sempre e cando non se teña máis dun trimestre suspenso, e nunca cunha nota inferior a 3,5. Se o/a alumno/a no acada estas cualificacións, realizará ao final de curso unha proba global que incluirá toda a materia do curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía de traballo ó longo do curso modificarase cando sexa necesario adaptalos a alumnado con necesidades educativas especiais. O docente actuará en estreita colaboración co departamento de Orientación para identificar e coñecer estes casos e poder responder axeitadamente a eles. Nas ocasións nas que non se dispoña de informes previos (como ocurre ás veces coas novas incorporacións ó centro), a avaliación inicial pode ser tamén unha ferramenta moi útil para detectar o alumnado con dificultades.

A atención á diversidade ten que poder responder a unha casuística moi variada, pois sempre debe adaptarse ás circunstancias particulares do/a alumno/a.

- No caso do alumnado con TDAH, debería ser ubicado cerca do/a profesor/a, e este/adebería asegurarse en cada momento que o alumno/a entende as tarefas a realizar. Os exames deben de ter uns anunciados claros e sinxelos, e redactados en letra grande, e non deben establecerse límites temporais para a súa entrega.
- No caso do alumnado con dislexia, cómpre igualmente redactar os exames de xeito claro e sinxelo, con letra de bo tamaño, para facilitar a compresión do texto, e as faltas de ortografía non deben en ningún caso ser penalizadas.
- No caso do alumnado con TEA, é necesario asegurarse de que anoten as actividades a realizar e as datas dos exames na axenda escolar, e cómpre evitar toda ambigüidade ou confusión nas preguntas do exame.
- No caso do alumnado de orixe foránea que estea exento de galego, sería oportuno ofrecerlle a posibilidade de recibir os materiais de clase traducidos ó castelán, aínda que o ideal sería que tratara de familiarizarse xa co idioma coa vista posta na fin da exención. En todo caso, o/a docente debe asegurarse de que está comprendendo a explicación e aclarar calquera termo ou expresión que lle presente dificultades.

Naqueles casos máis agudos, nas que o/a alumno/a presente especiais dificultades para seguir o ritmo da clase, debido a un déficit madurativo ou intelectual, estableceranse adaptacións curriculares personalizadas nas que non só se adaptaran os métodos de traballo, senón que tamén se simplificaran notablemente os elementos do currículo. O docente facilitará ó/á alumno/a os contidos adaptados, así como os materiais de reforzo que considere necesarios para facilitar a súa comprensión da materia, e se o ve necesario poderá modificar tamén os criterios de avaliación, concedendo máis peso ás actividades e traballos feitos ó longo do trimestre e menos ós exames puntuais, onde pode ter máis problemas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión e relación dos procesos históricos, con especial atención ás relacións de causa-efecto | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Claridade e correción na expresión, tanto oral como escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Manexo e análise de documentos históricos e diversa tipoloxía | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Identificación e interpretación de obras de arte de distintos estilos | X | | X | | X | | X | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión e relación dos procesos históricos, con especial atención ás relacións de causa-efecto | X | X | X | X |
| ET.2 - Claridade e correción na expresión, tanto oral como escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Manexo e análise de documentos históricos e diversa tipoloxía | X | X | X | X |
| ET.4 - Identificación e interpretación de obras de arte de distintos estilos | | X | | |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| As grandes potencias europeas do século XIX | Traballo en grupo: documentación acerca dunha das potencias industriais europeas e exposición en clase | X | | |
| Un artista das Vangardas | Traballo individual: presentación na clase dun artista das Vangardas e análise da súa obra | | X | |
| A emerxencia do Terceiro Mundo | Traballo individual: documentación sobre a traxetoria recente dun país do chamado Terceiro Mundo e exposición en clased | | | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Puido completarse a programación, traballando todos os contidos e competencias clave. |
| Metodoloxía empregada |
| O alumnado puido seguir e comprender a explicación sen problema. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| O alumnado implicábase na clase de forma activa, atendía e participaba. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Os/as alumnos/as con dificultades non quedaron descolgados dos seus compañeiros, nin na dinámica de clase nin nos resultados. |
| Clima de traballo na aula |
| As clases desenvolvéronse nun bo ambiente, tanto entre alumnado e docente como entre o propio alumnado, sen conflitos significativos |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| A información fluiu en todo momento entre docentes e familias. |

**Descrición:**

A avaliación do proceso do ensino e a práctica docente realizarse por medio dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro arriba inicados que serán valorados nunha escala de en tres niveis: Aceptable, Boa e Mellorable. Ó mesmo tempo, sería posible, a discreción do/a docente, proporcionar ó alumnado un cuestionario-rúbrica semellante ó rematar as avaliacións ou o conxunto do curso, para que expresen tamén o seu punto de vista.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento.
Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.
Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudio propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.

- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## 9. Outros apartados